

Não sou um intelectual, escrevo com o corpo.

Clarice Lispector.

O que escribo é ante todo sincero.
Falo de mundos oníricos, ferintes e cotiáns.
Adoita tratarse dunha poesía sensorial, emotiva, chea de imaxes, a arte e a natureza son referencias constantes na voz que fala, e de paisaxes vividas e de saliva. Sempre hai un momento, para as obsesiós, para a liberdade, para a beleza, para o erotismo, para recordar con nostalxia o pasado e o futuro perdido. A emoción vólvese concepto no tacto. É intenso o achegamento á esencia do visible, á mestura entre dor e pracer, á paixón sen medida ata acadar o desbordamento da escrita.

Normalmente escribo dun modo moi pouco profesional, cando xa non me resta outro modo de expresarme, e serve como catarse, como evolución ou involución pero cara adiante, mirando de fronte á luz, a luz devastadora desde a consciencia.